



O Software Libre nas empresas de Galicia

Edición 2014

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Software libre nas empresas de Galicia Edición 2014

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela

2014

Índice

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA	8
I.1.Principais datos do Software Libre	9
I.2. Motivos para non empregar Software Libre	37
II. ANÁLISE SECTORIAL	47
III.ANÁLISE PROVINCIAL	55
IV. CONCLUSIÓN	63

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é analizar o nivel de implantación e uso do Software libre nas empresas de Galicia, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software libre e as súas vantaxes competitivas.

Este informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), no marco das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital da Xunta de Galicia e do Plan de Acción en materia de Software Libre.

O estudo analiza en detalle e, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada cos principais indicadores de Software libre, estruturando a información en tres capítulos:

- O Software Libre nas empresas de Galicia: Neste capítulo preséntanse os datos máis significativos que ofrecen unha visión xeral da situación, do seu grao de avance e comparativas co resto de Comunidades Autónomas. Ademais, afóndase nas seguintes cuestións:
 - Principais tipoloxías de Software Libre empregadas: sistemas operativos, navegadores de Internet, aplicacións ofimáticas, servidores de web/Internet, aplicacións de Software Libre para o procesamento automático de información tipo ERP/CRM, outras tipoloxías como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe e servidores de correo electrónico
 - Motivos para non empregar Software libre: descoñecemento e falta de motivacións, problemáticas da migración, inercia do mercado, percepción de falta de calidade, falta de apoio das administracións ou outras razóns.
- Análise sectorial: analízase a influencia do tipo de actividade que desenvolve a empresa na adopción do Software libre, segundo se adique ao sector da Industria, da Construción ou pertenza ao sector Servizos.
- Análise provincial: analízase a influencia da localización xeográfica da sede da empresa na adopción e uso do Software libre.

Por segundo ano consecutivo, tamén se ofrece información diferenciadas para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

Definición do Software Libre

Resulta preciso facer unha breve definición do Software libre, entendido como calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de permiso nin pago de licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, Software Libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:

- Liberdade 0. Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- Liberdade 1. Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.
- Liberdade 2. Liberdade de distribuír copias a calquera.
- Liberdade 3. Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

O Software que non reúne algunha das liberdades anteriores denomínase como Software privativo. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto nin pode estudalo, nin modificalo; e tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais este tipo de software soe levar aparelado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.

Fonte de información

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estadística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas, en particular, dos indicadores de Software libre.

- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, o que supón un aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA



Máis da metade das microempresas galegas empregan Software Libre, mentres que nas empresas de maior tamaño con sede en Galicia, o indicador sitúase no 85%.

O uso de Software Libre incrementouse notablemente no último ano: 10,6 puntos nas grandes empresas e 6,9 nas microempresas galegas.


I. O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS DE GALICIA

I.1. Principais datos do Software Libre

Máis da metade das microempresas galegas empregan Software Libre, mentres que nas empresas de maior tamaño con sede en Galicia, o indicador sitúase no 85%. Como veremos de seguido nas evolucións, tanto nas empresas pequenas como nas de maior tamaño, o uso de Software Libre incrementouse notablemente no último ano.

G.1. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A evolución positiva do Software Libre nas empresas de máis de 10 empregados/as refléxase na seguinte gráfica. No último ano, o crecemento para as empresas de sede en Galicia foi de 10,6 puntos porcentuais, e nas empresas con actividade na nosa Comunidade rexistrouse un incremento de 7,7 puntos.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR
Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre
 (% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

Respecto aos datos do resto de España, as empresas de Galicia ocupan o 10º posto no ranking de uso de Software Libre, ubicándose por riba doutras Comunidades Autónomas como Castela A Mancha, Rioja, País Vasco, Baleares, Navarra e Asturias.

G.3. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as con Software Libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE

Nota: Soamente están dispoñibles os datos por CC.AA. para empresas de 10 e máis empregados /as

Nota: No ranking de Comunidades Autónomas non se computan as cidades autónomas de Ceuta e Melilla


No tocante ás empresas de menos de 10 empregados/as, a seguinte gráfica amosa a evolución e a comparativa coa media estatal do indicador de Software Libre. Así, obsérvase un crecemento de 6,9 puntos porcentuais no uso de programas libres nas microempresas galegas. A pesar deste significativo aumento, quedámonos a 6,4 puntos da media estatal debido a que esta experimentou un crecemento maior, de 11,5 puntos.

G.4. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as con Software Libre.

Comparativa Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os seguintes datos indagarán en cada unha das diferentes tipoloxías de Software Libre que empregan as empresas galegas. O primeiro dato, refírese aos Sistemas Operativos libres. Un 17,2% das microempresas galegas empregan Sistemas Operativos de licenza libre, duplicándose esta porcentaxe nas grandes empresas con actividade en Galicia (35,1%)

G.5. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A TIPOLOXÍA: SISTEMAS OPERATIVOS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Na seguinte gráfica preséntase a evolución do uso de sistemas operativos libres nas empresas galegas de máis de 10 traballadores/as. O dato máis elevado acadouse no ano 2012, e posteriormente iniciouse un lixeiro descenso.

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñíbles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñíbles dos anos 2009 e 2011

Respecto á comparación co resto do territorio estatal, as empresas galegas de 10 e máis empregados/as sitúanse no 14º posto no uso de Sistemas Operativos Libres, só por riba de Extremadura, Navarra e Cataluña

G.7. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas


Obsérvase un lixeiro incremento no uso de Sistemas Operativos Libres tanto nas microempresas galegas como nas estatais. O crecemento en Galicia foi de 0,5 puntos porcentuais, mentres que a media estatal aumentou 3,2 puntos.

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Sistemas Operativos libres.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A seguinte aplicación analizada refírese a Navegadores de Internet, a tipoloxía de Software libre máis demandada, onde atopamos un estendido uso nas empresas de máis de 10 traballadores/as (80,2% nas que teñen sede en Galicia e 78,1% no caso das que teñen sede e/ou actividade en Galicia). Nas máis pequenas, rexístrase unha porcentaxe inferior, aínda que o uso de Navegadores de Internet de Software libre é tamén significativa (46,2%).

**G.9. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA:
NAVEGADORES DE INTERNET**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Obsérvase un crecemento significativo no uso de navegadores de Software libre en empresas de máis de 10 traballadores/as con sede en Galicia, pasando de 71,4% a 80,2%. Cabe salientar que o incremento deste tipo de aplicacións dente o 2008 foi de 62,2 puntos (dun 18% pasou a un 80,2%).

G.10. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Navegadores de Internet libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

Respecto ás Comunidades Autónomas, Galicia sitúase no 9º posto, por detrás doutras Comunidades como Cantabria, Murcia, Andalucía, Castela e León, Aragón, Madrid, Canarias e Extremadura. Ademais, Galicia converxe no uso de navegadores libres coa media estatal.

G.11. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Navegadores de Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas


Nas empresas pequenas tamén se rexistra un significativo incremento da utilización deste tipo de aplicacións para navegar en Internet. As microempresas galegas aumentaron o uso dos navegadores con licenza libre en 6,9 puntos porcentuais, aínda que a distancia coa media estatal incrementouse debido a que no conxunto do Estado o indicador aumentou 8,9 puntos.

G.12. EVOLUCIÓN DE INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Navegadores de Internet de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Na seguinte gráfica analizaremos o uso de aplicacións ofimáticas con licenza libre. Un 58,2% das empresas de máis de 10 traballadores/as con sede en Galicia e máis dun terzo das microempresas galegas teñen aplicacións ofimáticas de Software Libre.

**G.13. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚN TIPOLOXÍA:
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Durante o ano 2014 o uso de aplicacións ofimáticas de Software libre foi en aumento, de xeito menos intenso que nos anos anteriores, pero de xeito constante, incrementándose 3,9 puntos respecto ao ano anterior, e cunha variación respecto ao período 2008-2014 de 44,3 puntos porcentuais.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

No caso de aplicacións ofimáticas libres, Galicia ocupa a 13ª posición, por diante de Comunidades como Cataluña, País Vasco, Asturias e Navarra.

G.15. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas libres

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas


A progresión do uso das aplicacións ofimáticas libres entre as empresas pequenas de Galicia é positiva, cun crecemento de 4,3 puntos porcentuais, aínda que as empresas pequenas estatais aumentaron en maior proporción no uso destas aplicacións, cun crecemento de 10,2 puntos.

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións ofimáticas libres.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

De seguido, preséntanse os datos doutro tipo de aplicación: os servidores web. Un 10,6% das microempresas galegas teñen servidores de web ou Internet de Software Libre. Nas de maior tamaño con actividade en Galicia acada o 26,5%.

**G.17. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA:
SERVIDORES DE WEB / INTERNET**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Durante o ano 2014, reduciuse lixeiramente o dato de servidores de web ou Internet libres, freando lixeiramente a tendencia alcista dos derradeiros anos, pero segue a ser un dato importante e positivo respecto a anos anteriores, con 18,5 puntos máis que no ano 2008.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011. No período 2008-2012, o indicador refírese a xestión de contidos web

O dato de posicionamento do uso de Servidores libres web/ internet sitúa a Galicia no 15^a posto por Comunidades Autónomas, o que se traduce nun descenso no ranking estatal.

G.19. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Servidores de web / Internet de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas

Nas microempresas galegas a evolución no ano 2014 foi positiva, subindo un punto porcentual o dato do ano anterior respecto a ao uso de Servidores de web ou Internet de Software Libre, e manténdose en valores próximos á media estatal.

G.20. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA
Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Servidores de web /
Internet de Software libre
 (% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Na gráfica seguinte analizamos os datos referidos a unha das aplicacións máis empregadas no ámbito empresarial, relacionadas coa automatización de datos dos clientes, pedidos, organización de produtos, etc, denominadas ERP / CRM. O uso deste tipo de programas de licenza libre é dun 21,9% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e de 6,1% nas empresas máis pequenas.

**G.21. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGÚNDO TIPOLOXÍA:
APLICACIÓNS PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP / CRM**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nas empresas máis grandes, observamos un lixeiro descenso no ano 2014 do uso de programas de Software Libre para ERP ou CRM. Esta lixeira baixada, non obstante, segue a ser positiva se temos en conta o resto de anos anteriores, cun crecemento de 15,6 puntos porcentuais respecto ao ano 2008, para as empresas con sede en Galicia.

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE

Nota: Non hai datos dispoñibles de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Non hai datos dispoñibles dos anos 2009 e 2011

Se comparamos as empresas galegas co resto das Comunidades Autónomas, atopamos que as de máis de 10 traballadores/as ocupan o 10º posto en uso de aplicacións libres de tipo ERP / CRM. Estamos por diante doutras Comunidades como Castela e León, Canarias, Asturias, Andalucía, Castela a Mancha, Cantabria e Extremadura.

G.23. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas


Nas empresas pequenas de 0 a 9 traballadores/as, hai un lixeiro descenso de apenas 0,1 puntos porcentuais. Este dato ten unha lectura positiva se o comparamos co dato estatal, xa que tamén experimentaron un descenso máis acusado de 0,8 puntos porcentuais. Como resultado, Galicia supera a media estatal en 1,6 puntos porcentuais.

G.24. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións para o procesamento automático de tipo ERP / CRM de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Ademais das aplicacións nomeadas con anterioridades analízanse tamén outros tipos de Software Libre como por exemplo as referidas a seguridade (Open SSL, SSH, por exemplo), plataformas de aprendizaxe (Moodle) ou servidores de correo electrónico. No caso das empresas pequenas o uso destas tipoloxías de programas libres é dun 15,6%, e nas de maior número de traballadores/as con actividade en Galicia acada o 33,3%.

G.25. EMPRESAS QUE EMPREGAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPOLOXÍA: OUTRAS APLICACIÓNS COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A seguinte gráfica amosa o crecemento do uso doutras tipoloxías de Software Libre (como software de seguridade, plataformas de aprendizaxe ou servidores de correo electrónico) nas empresas de máis de 10 traballadores/as. Nas que teñen sede en Galicia, o uso deste tipo de aplicacións aumentou 4,6 puntos porcentuais, mentres que nas que teñen sede e /ou actividade na nosa Comunidade, o crecemento foi de 2,8 puntos.

G.26. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: OSIGMA-INE


Nota: Non hai datos dispoñibles anteriores a 2013

As empresas galegas, ocupan o 12º posto no uso doutros programas de licenza libre, situándose por riba de Comunidades como Castela e León, Baleares, Asturias, A Rioxa e Navarra.

G.27. COMPARACIÓN GALICIA, ESPAÑA E CC.AA.

Empresas de 10 e máis empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software libre

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Nota: Non se dispón dos datos para microempresas desagregados por Comunidades Autónomas


O uso deste tipo de aplicacións de Software Libre aumentou 1,9 puntos nas microempresas galegas. Non obstante, a fenda coa media estatal aumentou debido a que no conxunto do Estado, o incremento foi de 4,9 puntos

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan Aplicacións como Software de Seguridade, Plataformas de aprendizaxe, Servidores de correo electrónico de Software libre.

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE


I.2. Motivos para non empregar Software libre

Analizaremos de seguido, unha serie de cuestións que dificultan o uso do Software Libre no tecido empresarial galego: o descoñecemento de solucións e a falta de referencias acerca de produtos de Software Libre, os problemas que conleva a migración, a inercia do mercado, a percepción da falta de calidade deste tipo de solucións ou a falta de apoio e descoñecemento do mesmo por parte de organismos públicos á empresas para facer a adopción de Software Libre.

A gráfica inferior amosa que o descoñecemento ou falta de referencias acerca dos produtos de Software Libre, é un dos motivos que máis afecta ás microempresas (cun 20,5%), mentres que descende considerablemente entre as empresas de maior tamaño, xa que só un 6,8% nomea esta barreira para o uso de aplicacións con licenza libre.

G.29. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE: DESCOÑECIMENTO DE SOLUCIÓNS E FALTA DE REFERENCIAS SOBRE PRODUTOS DE SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Se comparamos o dato do descoñecemento de solucións ou referencias acerca de Software Libre entre as empresas galegas e estatais, obsérvase que na nosa Comunidade esta barreira ten máis importancia entre as microempresas mentres que nas grandes empresas non difire da percepción estatal.

G.30. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software libre: Descoñecemento de solucións e falta de referencias sobre produtos de Software libre

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Outro dos motivos para frear o uso de Software Libre é a problemática que pode conlevar a migración, as dúbidas acerca de se habrá interoperabilidade con outros produtos xa implantados. Nas empresas de 0 a 9 traballadores/as existe unha maior preocupación por este tema (11,9%), aínda que nas empresas de 10 ou máis traballadores/as descende ata o 7,3%, en porcentaxes semellantes ao descoñecemento de solucións libres.

**G.31. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
OS PROBLEMAS QUE PODEN CONLEVAR A MIGRACIÓN (p.ex. interoperabilidade con outros produtos
xa implantados)**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Novamente, a comparación de empresas estatais e galegas mostra unha maior preocupación na nosa Comunidade polos problemas de incompatibilidade.

G.32. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software libre: Os problemas que poden conlevar a migración (p. ex. Interoperabilidade con outros produtos xa implantados)

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Outra motivación para non facer uso do Software Libre nas empresas, é a inercia do mercado, o temor de facer innovacións ou modificacións en xeral. A resposta é semellante á do indicador anterior no caso das empresas de 0 a 9 traballadores, cun 11,1%, mentres que as empresas máis grandes, apenas perciben esta barreira.

**G.33. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
A INERCIA DO MERCADO**

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE


As empresas galegas demostran novamente, ser máis reticentes que as estatais respecto a incorporar Software Libre, debido ao exceso de precaución á hora de realizar innovacións.

G.34. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software libre:

A inercia do mercado

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A calidade dos produtos de Software Libre está demostrada e non representa un freo ao uso deste Software, tal é como poñen de manifesto os datos da seguinte gráfica.

**G.35. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE:
A PERCEPCIÓN DA FALTA DE CALIDADE DESTES TIPO DE SOLUCIÓNS**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Non obstante, as empresas galegas presentan porcentaxes máis elevadas neste indicador que a media estatal.

G.36. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software Libre: A percepción da falta de calidade deste tipo de solucións

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A derradeira barreira que frea o uso de Software Libre é a consideración de que existe falta de apoio e descoñecemento por parte dos organismos públicos para que as empresas fagan uso destas aplicacións. O dato das empresas pequenas, é moito máis elevado, cun 16,1%, que o das de maior tamaño, constatando unha maior carencia de recursos e necesidade de apoio público.

G.37. MOTIVOS PARA NON EMPREGAR SOFTWARE LIBRE: FALTA DE APOIO E DESCOÑECIMENTO DO MESMO POR PARTE DOS ORGANISMOS PÚBLICOS Á EMPRESAS PARA A ADOCIÓN DO SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Finalmente, e constatando o que citábamos con anterioridade, de novo o peso desta barreira é moito maior nas empresas galegas que nas do resto de España.

G.38. COMPARACIÓN GALICIA E ESPAÑA

Motivos para non empregar Software libre: Falta de apoio e descoñecemento do mesmo por parte dos organismos públicos á empresas para a adopción do Software libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

II. ANÁLISE SETORIAL



Maior uso do Software Libre no sector Servizos que no resto dos sectores económicos.


Pola contra, no sector da Construción é onde se emprega en menor medida o Software Libre

II. ANÁLISE SECTORIAL

No presente capítulo analízase o uso do Software Libre dende a perspectiva da actividade das empresas. Deste xeito, veremos a influencia do sector de actividade (Industria, Construción e Servizos) no emprego do Software Libre e das diferentes aplicacións con licenza libre.

Obsérvase un maior uso de Software Libre no sector Servizos que no resto das empresas, tanto nas microempresas como nas máis grandes. Pola contra, no sector da Construción é onde se emprega en menor medida o Software Libre.

G.39.EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O mesmo patrón que sinalabamos no indicador de Software Libre é o que se reproduce no caso de Sistemas operativos libres. Nas empresas adicadas a Servizos, as porcentaxes de utilización tanto para as empresas pequenas (20,9%) como as de 10 ou máis empregados/as (37,9%), supera a media total de uso de sistemas operativos libres (17,2% e 33,2%). Tamén se repite o dato inverso, as empresas que realizan actividades de Construción empregan en menor medida os Sistemas Operativos de licenza libre.

G.40. EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Máis da metade das empresas pequenas adicadas a Servizos (54,3%) empregan navegadores de Internet libres. Nas empresas de 10 e máis traballadores/as deste sector a porcentaxe é dun 83,1%. De novo, o sector da Construción sitúase no extremo oposto.

G.41. EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No sector Servizos, un 61,4% das empresas de 10 e máis traballadores/as empregan aplicacións ofimáticas libres. Nas adicadas á Construción do mesmo tamaño, esta porcentaxe baixa ata o 48,1%.

No caso das microempresas, a porcentaxe de uso de aplicacións ofimáticas de licenza libre foi de 39,6% no sector Servizos, fronte ao 19,9% das empresas pequenas da Construción.

G.42. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No caso de servidores de web ou Internet de Software Libre, destacan as empresas de 10 e máis traballadores/as que pertencen ao sector Industria, cun 25,4%. Non obstante, no caso das microempresas, novamente resaltan as empresas do sector Servizos, por riba dos outros dous sectores analizados.

G.43. EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As empresas do sector Industria son as que empregan en maior medida programas tipo ERP / CRM de Software libre, tanto no caso das grandes empresas como nas pequenas. Neste último segmento empresarial son seguidas, moi de preto, polo sector Servicios.

G.44.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP /

CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

O último dos indicadores analizados refírese a outras aplicacións de Software libre, como son os programas de seguridade, as plataformas de aprendizaxe ou os servidores de correo electrónico. Neste caso, as empresas de maior tamaño do sector Servizos (36,3%) destacan respecto as demais no mesmo tramo de asalariados/as, mentres que, entre as microempresas, as que máis usan estas aplicacións, son as que pertencen ao sector Industria (19,9%).

G.45.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

III. ANÁLISE PROVINCIAL




A provincia de Lugo destaca polo uso de Software Libre nas empresas de máis de 10 traballadores/as mentres que, no caso das microempresas, sobresaen as de Ourense e Lugo

III. ANÁLISE PROVINCIAL

O derradeiro capítulo deste informe analiza a influencia da ubicación xeográfica da sede da empresa na utilización das diferentes ferramentas e aplicacións de Software Libre.

A provincia de Lugo destaca polo uso de Software Libre nas empresas de máis de 10 traballadores/as mentres que, no caso das microempresas, sobresaen as de Ourense e Lugo.

G.46. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

De novo, repítese o mesmo patrón observado no indicador anterior cando se analiza o uso de Sistemas Operativos libres: No caso das grandes empresas, destacan as ubicadas na provincia de Lugo e, entre as microempresas, sobresaen as de Ourense e Lugo.

G.47.EMPRESAS QUE EMPREGAN SISTEMAS OPERATIVOS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Respecto ao uso dos navegadores de Internet con licenza libre, destacan as empresas pequenas de Ourense, mentres que nas de maior tamaño, volven a destacar as de Lugo.

G.48.EMPRESAS QUE EMPREGAN NAVEGADORES DE INTERNET DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Ourense e Lugo superan o 60% no uso de aplicacións ofimáticas libres entre as grandes empresas mentres que, entre as microempresas, só as de Lugo superan o 40%.

G.49. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS OFIMÁTICAS LIBRES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

A seguinte gráfica amosa unha maior proporción de servidores web ou Internet libres entre as empresas da provincia de Lugo, tanto nas máis pequenas (22,4%), como nas de maior número de empregados/as (un 28,7%).

G.50.EMPRESAS QUE EMPREGAN SERVIDORES DE WEB / INTERNET DE SOFTWARE LIBRE

SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

As aplicacións libres de automatizado de datos (ERP / CRM) son máis empregadas na provincia de Ourense

G.51.EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LBRES PARA O PROCESAMENTO AUTOMÁTICO DE TIPO ERP /

CRM SEGUNDO A PROVINCIA
(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

No uso de Software libre relacionado coa seguridade, plataformas de aprendizaxe ou servidores de correo electrónico, dáse a excepcionalidade de que as grandes empresas da provincia da Coruña presentan as porcentaxes máis elevadas. No caso das microempresas, as de Ourense seguen á cabeza neste tipo de aplicacións libres.

G.52. EMPRESAS QUE EMPREGAN APLICACIÓNS LIBRES COMO SOFTWARE DE SEGURIDADE, PLATAFORMAS DE APRENDIZAXE, SERVIDORES DE CORREO ELECTRÓNICO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

▪ **Posición global**

- Máis da metade das microempresas galegas empregan Software Libre, mentres que nas empresas de maior tamaño con sede en Galicia, o indicador sitúase no 85%. O tamaño da empresa é un factor que incide no uso das TIC, en xeral, e por tanto, tamén no uso do Software libre en particular:
- En termos evolutivos: Tanto nas empresas pequenas como nas de maior tamaño, o uso de Software Libre incrementouse notablemente no último ano.
 - No último ano, o crecemento do uso do Software Libre para as empresas de 10 e máis empregados/as sede en Galicia foi de 10,6 puntos porcentuais.
 - No tocante ás microempresas, rexistrouse un crecemento de 6,9 puntos porcentuais no uso de programas de Software Libre.

▪ **Tipoloxía: As aplicacións libres con maior implantación nas empresas galegas son os navegadores de Internet e as aplicacións ofimáticas.**

- Sistemas Operativos libres: Un 17,2% das microempresas galegas empregan Sistemas Operativos con licenza libre, duplicándose esta porcentaxe nas grandes empresas con actividade en Galicia (35,1%).
- Navegadores de Internet libres: é a tipoloxía de Software libre máis demandada. Oito de cada dez empresas de máis de 10 traballadores/as con sede en Galicia e un 46,2% das microempresas galegas emprega navegadores de Internet de Software Libre. Cabe salientar que o incremento deste tipo de aplicacións que aumentaron 8,8 puntos nas grandes empresas e 6,9 puntos no caso das microempresas.
- Aplicacións ofimáticas libres: Un 58,2% das empresas de máis de 10 traballadores/as con sede en Galicia e máis dun terzo das microempresas galegas empregan aplicacións ofimáticas de Software Libre .
- ERP/CRM libres: O uso deste tipo de programas con licenza libre é dun 21,9% no caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e de 6,1% nas empresas máis pequenas. As microempresas galegas superan a media estatal en 1,6 puntos porcentuais neste indicador.

▪ **Barreiras á implantación do Software libre: vinculadas ao tamaño das empresas**

- Entre as empresas de 10 e máis traballadores/as, destacan as problemáticas que poden desencadearse coa migración das aplicacións de software privativo a Software libre.
- Entre as microempresas, cítase como principal barreira o descoñecemento das solucións e falta de referencias sobre produtos de Software libre.

- **Análise sectorial**

- Obsérvase un maior uso do Software Libre no sector Servizos que no resto dos sectores económicos. Pola contra, no sector da Construción é onde se emprega en menor medida o Software Libre.

- **Propostas de actuación**

- Á vista dos resultados que continúan sendo positivos e cunha boa tendencia á alza, considérase que as actuacións que se veñen desenvolvendo e promovendo dende a Amtega para o fomento do Software Libre nos últimos anos alíñanse ben coas demandas das empresas e están sendo efectivas.
- Así pois, proponse continuar co mesmo tipo de actuacións como a realización de obradoiros e demostracións de funcionamento de produtos libres, ofrecer asesoramento particularizado ás necesidades das empresas, formación aos usuarios, con especial atención ás microempresas.
- Actuacións que se realizarán a través do Centro Demostrador TIC, a Oficina de Coordinación de Software Libre, AGASOL, os Colexios Profesionais de Enxeñería Informática e Enxeñería Técnica en Informática, a rede CeMIT, o CNTG, etc.

Fontes de información

<i>Datos referentes a Galicia</i>	<i>Edicións anteriores do observatorio 2007, 2008, 2010, 2012</i>	<i>OSIMGA</i>
<i>Datos referentes a Galicia e España</i>	<i>2013,2014</i>	<i>INE</i>

